

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

**13362** *Real decreto 1056/2014, do 12 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas de emisión e uso da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade.*

A Constitución española no seu artigo 9.2 atribúe aos poderes públicos a promoción das condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas. Así mesmo, atribúelles a tarefa de remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social. Respecto ás persoas con discapacidade, o artigo 49 da Carta Magna ordena aos poderes públicos que presten a atención especializada que requiran e o amparo especial para o desfrute dos seus dereitos.

O texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, recolle entre os seus principios previstos no artigo 3 o de vida independente e o de accesibilidade universal. En coherencia cos ditos principios, o artigo 30 prevé a adopción polos concellos das medidas adecuadas para facilitar o estacionamento dos vehículos automóbiles pertencentes a persoas con problemas graves de mobilidade ou mobilidade reducida, por razón da súa discapacidade.

A autonomía persoal e a independencia das persoas, a participación e inclusión plenas e efectivas na sociedade, a igualdade de oportunidades e a accesibilidade son principios igualmente recollidos no artigo 3 da Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, aprobada o 13 de decembro de 2006 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, ratificada por España o 3 de decembro de 2007 e que entrou en vigor o 3 de maio de 2008, que obriga os Estados parte a adoptar todas as medidas legislativas, administrativas e doutra índole que sexan pertinentes para facer efectivos os dereitos que nela se recoñecen.

No ámbito europeo, a Recomendación (98/376/CE) do Consello da Unión Europea, do 4 de xuño de 1998, sinalou que era necesario o recoñecemento mutuo polos Estados membros da Unión Europea da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade conforme un modelo comunitario uniforme, de maneira que as ditas persoas poidan desfrutar en todo o territorio comunitario das facilidades a que dá dereito conforme normas nacionais vixentes do país en que se encontren.

No noso país, o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, atribúe no seu artigo 7 aos municipios a competencia para regular, mediante ordenanza municipal de circulación, a distribución equitativa dos aparcadoiros nas vías urbanas, e presta especial atención ás necesidades das persoas con discapacidade que teñen reducida a súa mobilidade e que utilizan vehículos, co fin de favorecer a súa integración social.

Posteriormente, a Lei 19/2001, do 19 de decembro, de reforma do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, impuxo aos municipios a obrigación de conceder unha tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade con problemas graves de mobilidade, con validez en todo o territorio nacional, tendo en conta a Recomendación do Consello da Unión Europea.

En consecuencia, na actualidade todas as comunidades e cidades autónomas contan cunha regulación aplicable á tarxeta de estacionamento. Porén, esta regulación é diversa, o que supón diferenzas en canto ao uso da tarxeta e aos dereitos que outorga a súa concesión, pois hai situacións, para unha mesma persoa, moi diferenciadas segundo o lugar onde resida ou ao que se desprace.

O obxecto deste real decreto é o establecemento, desde o máis absoluto respecto ás competencias autonómicas e municipais, dunhas condicións básicas que garantan a igualdade en todo o territorio para a utilización da tarxeta de estacionamento, cunha regulación que garanta a seguridade xurídica de calquera cidadán con discapacidade que presenta mobilidade reducida e que se desprace por calquera lugar do territorio nacional.

Ademais, a constatación de que as dificultades de desprazamento poden vir determinadas por limitacións distintas ás provocadas polas dificultades locomotoras levou o Goberno a adoptar medidas concretas que solucionen estas situacións.

Así mesmo, o real decreto recolle a obrigação relativa ao número mínimo de prazas de aparcamento dispoñibles, reservadas e deseñadas para o seu uso por persoas con discapacidade que presenten mobilidade reducida en núcleos urbanos. A dita obrigação estaba xa recollida no artigo 35 da Orde VIV/561/2010, do 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados, ben que se eleva o rango normativo da obrigação ao ser incluída neste real decreto.

Sobre esta norma emitiron informe o Consello Nacional da Discapacidade, en que participan as organizacións representativas de persoas con discapacidade e das súas familias, e o Consello Superior de Tráfico, Seguridade Viaria e Mobilidade Sustentable. De igual modo, foi sometida a consulta das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, e do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de decembro de 2014,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as condicións básicas do réxime xurídico aplicable á tarxeta de estacionamento de vehículos automóbiles para persoas con discapacidade que presenten mobilidade reducida.

##### Artigo 2. *Definición da tarxeta de estacionamento de vehículos automóbiles para persoas con discapacidade que presenten mobilidade reducida.*

A tarxeta de estacionamento de vehículos automóbiles para persoas con discapacidade que presenten mobilidade reducida, en diante, a tarxeta de estacionamento, é un documento público acreditativo do dereito das persoas que cumpran os requisitos previstos neste real decreto para estacionaren os vehículos automóbiles en que se despracen o máis cerca posible do lugar de acceso ou de destino.

##### Artigo 3. *Titulares do dereito a obter a tarxeta de estacionamento.*

1. Poderán obter a tarxeta de estacionamento aquelas persoas físicas que teñan recoñecida oficialmente a condición de persoa con discapacidade, conforme o establecido no artigo 4.2 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, e que se encontren nalgunha das seguintes situacións:

a) Que presenten mobilidade reducida, conforme o anexo II do Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, ditaminada polos equipos multiprofesionais de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade.

b) Que mostren no ollo mellor unha agudeza visual igual ou inferior ao 0,1 con corrección, ou un campo visual reducido a 10 graos ou menos, ditaminada polos equipos multiprofesionais de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade.

2. Poderán, así mesmo, obter a tarxeta de estacionamento as persoas físicas ou xurídicas titulares de vehículos destinados exclusivamente ao transporte colectivo de persoas con discapacidade que presten servizos sociais de promoción da autonomía persoal e de atención á dependencia a que se refire a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como os servizos sociais a que se refire o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado por Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro.

3. Ademais dos supostos previstos nos números anteriores, poderán obter a tarxeta de estacionamento as persoas físicas ou xurídicas que así o teñan expresamente recoñecido na normativa autonómica ou local.

#### Artigo 4. *Ámbito territorial da tarxeta de estacionamento.*

As tarxetas de estacionamento concedidas polas administracións públicas competentes terán validez en todo o territorio español sen prexuízo da súa utilización nos Estados membros da Unión Europea, nos termos que os respectivos órganos competentes teñan establecido en materia de ordenación e circulación de vehículos.

#### Artigo 5. *Prazas de aparcamento reservadas para persoas titulares da tarxeta de estacionamento.*

Os principais centros de actividade dos núcleos urbanos deberán dispor dun mínimo dunha praza de aparcamento reservada e deseñada para o seu uso por persoas titulares da tarxeta de estacionamento por cada corenta prazas ou fracción, independentemente das prazas destinadas a residencia ou lugares de traballo. Estas prazas deberán cumprir as condicións regulamentariamente previstas.

Os concellos, mediante ordenanza, determinarán as zonas do núcleo urbano que teñen a condición de centro de actividade.

#### Artigo 6. *Condicións de uso.*

1. A tarxeta de estacionamento expedida a favor e en beneficio dunha persoa a título particular para a súa utilización nos vehículos que use para os seus desprazamentos será persoal e intransferible e utilizarase unicamente cando a persoa titular conduza un vehículo ou sexa transportada nel.

2. A tarxeta de estacionamento expedida a favor de persoa física ou xurídica a que se refire o artigo 3 será persoal e intransferible, estará vinculada a un número de matrícula de vehículo destinado exclusivamente ao transporte colectivo de persoas con mobilidade reducida e será eficaz unicamente cando o vehículo transporte de forma efectiva persoas que se encontren nalgunha das situacións a que se refire o artigo 3.1.

3. O uso da tarxeta de estacionamento está subordinado a que o seu titular manteña os requisitos exixidos para o seu outorgamento.

4. As condicións de uso ou os dereitos regulados en normas autonómicas ou locais que sexan máis favorables ou beneficiosos que os previstos neste real decreto para as persoas con discapacidade que presentan mobilidade reducida serán, en todo caso, de aplicación.

#### Artigo 7. *Dereitos dos titulares e limitacións de uso.*

1. Os titulares da tarxeta de estacionamento terán os seguintes dereitos en todo o territorio nacional sempre e cando exhiban de forma visible a tarxeta no interior do vehículo:

a) Reserva de praza de aparcamento, logo da oportuna solicitude á administración correspondente e xustificación da necesidade de acordo coas condicións que establezan

as administracións autonómica ou local, en lugar próximo ao domicilio ou posto de traballo. A praza deberase sinalizar co símbolo internacional de accesibilidade.

- b) Estacionamento nos lugares habilitados para as persoas con discapacidade.
- c) Estacionamento nas zonas de aparcamento de tempo limitado durante o tempo necesario, sen prexuízo do previsto na disposición transitoria terceira.
- d) Parada ou estacionamento nas zonas reservadas para carga e descarga, nos termos establecidos pola Administración local, sempre que non se ocasionen prexuízos aos peóns ou ao tráfico.
- e) Parada en calquera lugar da vía, por motivos xustificados e polo tempo indispensable, sempre que non se ocasionen prexuízos aos peóns ou ao tráfico e de acordo coas instrucións dos axentes da autoridade.
- f) Acceso a vías, áreas ou espazos urbanos con circulación restrinxida a residentes sempre que o destino se encontre no interior desa zona.

2. A posesión da tarxeta de estacionamento en ningún caso suporá autorización para estacionar en zonas peonís, en pasos peonís, nos lugares e supostos en que estea prohibido parar, lugares que obstrúan vaos ou saídas de emerxencia, zonas acoutadas por razóns de seguridade pública e espazos que reduzan carrís de circulación.

#### Artigo 8. *Obrigacións dos titulares.*

1. O titular da tarxeta de estacionamento está obrigado:
  - a) Á súa correcta utilización, conforme as condicións de uso previstas no artigo 6.
  - b) A colocar a tarxeta de estacionamento no cadro de instrumentos do vehículo ou adherirla ao parabrisas dianteiro polo interior, sempre co documento orixinal, de forma que resulte claramente visible e lexible desde o exterior.
  - c) A identificarse cando así llo requira un axente da autoridade, acreditando a súa identidade co documento nacional de identidade, número de identificación fiscal, tarxeta de residencia ou calquera outro documento oficial identificativo, sen o cal non poderá facer uso da tarxeta de estacionamento. Os menores de 14 anos poderán acreditar a súa identidade mediante a exhibición do documento de recoñecemento de grao de discapacidade.
  - d) A colaborar cos axentes da autoridade para evitar, no maior grao posible, os problemas de tráfico que poidan ocasionar ao exercer os dereitos que lles confire a utilización da tarxeta de estacionamento.
  - e) A devolver a tarxeta de estacionamento caducada no momento da renovación ou ao finalizar a súa vixencia.

2. O incumprimento destas obrigacións poderá dar lugar á cancelación da tarxeta de estacionamento ou á súa retirada temporal, sen prexuízo das sancións previstas polo ordenamento xurídico.

Así mesmo, a utilización fraudulenta da tarxeta de estacionamento, tanto por persoas físicas como por persoas xurídicas, dará lugar á súa cancelación, sen prexuízo das sancións previstas polo ordenamento xurídico.

#### Artigo 9. *Garantía procedemental.*

Na tramitación da tarxeta de estacionamento é requisito necesario a emisión, polos equipos multiprofesionais de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade, do ditame preceptivo e vinculante para a concesión da tarxeta, de conformidade cos criterios de valoración establecidos no Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, salvo no suposto de concesión excepcional previsto na disposición adicional primeira.

Artigo 10. *Renovación da tarxeta de estacionamento.*

A presentación da solicitude de renovación da tarxeta de estacionamento no prazo previsto na normativa aplicable prorroga a validez da emitida anteriormente até a resolución do procedemento. En caso de que a solicitude se presente dentro dos noventa días naturais posteriores á data en que finalizou a vixencia da última tarxeta emitida, entenderase que subsiste a dita vixencia até a resolución do correspondente procedemento de renovación.

En todo caso, para renovar a tarxeta de estacionamento é imprescindible que o titular manteña os requisitos exixidos para o seu outorgamento.

Disposición adicional primeira. *Concesión da tarxeta de estacionamento provisional.*

1. Atendendo a razóns humanitarias, excepcionalmente concederase unha tarxeta de estacionamento de carácter provisional de vehículos automóbiles ás persoas que presenten mobilidade reducida, aínda que esta non fose ditaminada oficialmente, por causa dunha enfermidade ou patoloxía de extrema gravidade que supoña fidedignamente unha redución substancial da esperanza de vida que se considera normal para a súa idade e demais condicións persoais, e que razoablemente non permita tramitar en tempo a solicitude ordinaria da tarxeta de estacionamento.

2. Para a obtención da tarxeta de estacionamento provisional, a acreditación dos aspectos enunciados no número anterior efectuarase mediante a emisión do correspondente certificado polo persoal médico facultativo dos servizos públicos de saúde, que deberá contar coa validación da inspección dos servizos sanitarios competentes por razón do domicilio da persoa solicitante.

3. Aos titulares da tarxeta de estacionamento provisional seranlles de aplicación os dereitos, obrigacións e condicións de uso regulados nesta norma, durante o tempo que dure a súa concesión.

4. A concesión da tarxeta de carácter provisional terá unha duración máxima dun ano, que se pode prorrogar por un período igual, sempre que se manteñan as condicións iniciais requiridas para o seu outorgamento.

5. A través dos órganos de coordinación entre o Estado e as comunidades autónomas existentes, as administracións públicas consensuarán os criterios de emisión da tarxeta provisional.

6. O órgano competente para a emisión da tarxeta poderá realizar as actuacións necesarias para a comprobación da concorrencia dos requisitos previstos nesta disposición.

Disposición adicional segunda. *Reserva de prazas en servizos e establecementos sanitarios.*

Reservarase nos servizos e establecementos sanitarios un número suficiente de prazas para as persoas con discapacidade que presenten mobilidade reducida e as persoas que dispoñan da tarxeta de estacionamento provisional que precisen tratamentos, asistencia e coidados médicos con regularidade.

Disposición adicional terceira. *Garantía do respecto á repartición de competencias constitucional e estatutariamente vixente.*

Este real decreto aplicarase sen prexuízo das competencias exclusivas recoñecidas ás comunidades autónomas en materia de asistencia social nos seus respectivos estatutos de autonomía.

Disposición transitoria primeira. *Adaptación da normativa.*

As administracións públicas competentes disporán dun prazo dun ano para adaptar as súas normas ás previsións deste real decreto desde a data da súa entrada en vigor.

Disposición transitoria segunda. *Réxime das tarxetas de estacionamento emitidas con anterioridade a este real decreto.*

As tarxetas de estacionamento de vehículos automóbiles emitidas conforme a normativa aplicable no momento de entrada en vigor deste real decreto manterán a súa validez até a data de vencemento prevista no documento orixinal de expedición.

Disposición transitoria terceira. *Situacións preexistentes en relación co estacionamento en prazas de aparcamento de tempo limitado.*

Os municipios en que no momento da entrada en vigor deste real decreto se viñan aplicando, conforme a correspondente ordenanza, tarifas polo estacionamento en prazas de aparcamento de tempo limitado, sen eximir os titulares das tarxetas de estacionamento, poderán manter este réxime para o dito suposto, sempre que acrediten o cumprimento da obrigaçión de garantir o número mínimo de prazas de aparcamento reservadas para persoas con discapacidade que presenten mobilidade reducida, prevista na normativa que sexa de aplicación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación de normas.*

Suprímese a letra c) do artigo 7 do anexo ao Real decreto 2159/1978, do 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento do planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto na regra 1.<sup>a</sup> do artigo 149.1, que reserva ao Estado a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de decembro de 2014.

FELIPE R.

O ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade,  
ALFONSO ALONSO ARANEGUI